



*Zuerida familia:*

*Este ano o seu fillo/a comeza unha das etapas máis fermosa e importante da súa vida. Incorporárase por primeira vez á escola onde se establecerán os piares básicos para a vida en sociedade e para a súa formación.*

*A comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso dálle as grazas por elixirnos e por confiarnos a formación do seu neno/a.*

*Pretendemos que esta incorporación á escola se faga dun xeito progresivo e sen traumas. Por elo e para que vostedes poidan planificar a súa vida familiar durante o mes de setembro, avanzámoslles que faremos un período de adaptación (amparándonos no Decreto 330/2009 do 4 de xuño e segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 23/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia), durante o cal o seu fillo/a non debería permanecer toda a xornada lectiva na escola.*

*Para aclarar todas as dúbidas que puideran xurdir, convocámoslos a unha reunión o 27 de xuño ás 12:30, na sala multiusos do colexio (Será sen nenos/as)*

*Agardámoslos e quedamos a súa disposición*